



## Concello de Guitiriz

### ACTA

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| <b>Expediente núm.:</b> | <b>Órgano Colexiado:</b> |
| PLN/2019/10             | O Pleno                  |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN |                                      |
|------------------------------------|--------------------------------------|
| <b>Tipo Convocatoria</b>           | Ordinaria                            |
| <b>Data</b>                        | 24 de xullo de 2019                  |
| <b>Duración</b>                    | Desde as 19:30 ata as 20:15 horas    |
| <b>Lugar</b>                       | Sala de sesións da Casa Consistorial |
| <b>Presidida por</b>               | Marisol Morandeira Morandeira        |
| <b>Secretario</b>                  | Rafael José del Barrio Berbel        |

| ASISTENCIA Á SESIÓN |                                  |        |
|---------------------|----------------------------------|--------|
| DNI                 | Nome e Apelidos                  | Asiste |
| 33554944Z           | Ainara Pérez Losada              | SÍ     |
| 33310371T           | Angel Seoane Lamela              | SÍ     |
| 33860503H           | Carlos Plácido Buján López       | SÍ     |
| 33852173Z           | Francisco José Penas Pardo       | SÍ     |
| 33538075G           | Ivan Morado Corral               | SÍ     |
| 33852423B           | JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ          | NON    |
| 32822479F           | Laura Ageitos Miragaya           | SÍ     |
| 33317872A           | Maria Pilar Vazquez Ares         | SÍ     |
| 32776632E           | Marisol Morandeira Morandeira    | SÍ     |
| 33844142X           | María Manuela Carballeira García | SÍ     |

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

|  |                          |    |
|--|--------------------------|----|
| 76577601K  | Monica Vázquez Lago      | SÍ |
| 33346610Z  | Paula Campo Barral       | SÍ |
| 33826774F  | Xosé Lois González Souto | SÍ |
| 33843554C  | Xosé María Teixido Nuñez | SÍ |
| <b>Escusas de asistencia presentadas:</b><br>1. JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ:<br>«Ausencia xustificada» |                          |    |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión constitutiva de data 15-06-2019 e da sesión extraordinaria organizativa de data 4-07-2019

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
0

Sométense a aprobación os borradores das actas da sesión constitutiva de data 15-06-2019 e da sesión extraordinaria organizativa de data 4-07-2019, que son aprobados por unanimidade.

#### Dar conta dos concelleiros/as integrantes das comisións informativas

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Dase conta da composición das comisións informativas que quedan conformadas polos seguintes 7 membros( 4 PSOE, 2 PP e 1 BNG):

#### **Comisión informativa de asuntos do Pleno:**

D<sup>a</sup>. María Sol Morandeira Morandeira(PSOE), Presidenta.

D<sup>a</sup> Laura Ageitos Miragaya (PSOE). Suplente: D<sup>a</sup>. Paula Campo Barral.

D. Iván Morado Corral (PSOE). Suplente: D<sup>a</sup>. Ainara Pérez Losada.

D. Carlos Plácido Bujan López (PSOE). Suplente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Vázquez Ares.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz


D. Xosé María Teixido Núñez (PP). Suplente: D. Angel Seoane Lamela.  
D<sup>a</sup> María Manuela Carballeira García (PP). Suplente: D<sup>a</sup>. Mónica Vázquez Lago  
D. Xose Lóis González Souto (BNG)

### Comisión Especial de Contas:

D<sup>a</sup>. María Sol Morandeira Morandeira(PSOE), Presidenta.  
D<sup>a</sup>. Paula Campo Barral (PSOE). Suplente: D. Carlos Plácido Bujan López.  
D<sup>a</sup> Laura Ageitos Miragaya (PSOE). Suplente: D<sup>a</sup>. Ainara Pérez Losada.  
D. Iván Morado Corral (PSOE). Suplente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Vázquez Ares.  
D. Francisco José Penas Pardo (PP). Suplente: D<sup>a</sup> María Manuela Carballeira García  
D. Angel Seoane Lamela (PP). Suplente: D<sup>a</sup>. Mónica Vázquez Lago.  
D. Xose Lóis González Souto (BNG)

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### Moción do BNG para mellorar a democracia e a transparencia.

 MOCIÓN PARA MELLORAR A DEMOCRACIA E TRANSPARENCIA DA EQUIPA DE DE GOBERNO E DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CARA A TODOS OS OS CIDADÁNS.

Exposición de motivos:

O 17 de setembro do 2015 o BNG presentou unha iniciativa en esta mesma sala de Plenos para intentar mellorar a información que se ofrecía en aquelas datas a cidadanía de todo o que acontecía nos Plenos, foi aprobada por maioría.

Solicitábamnos do Pleno tres cuestión importantes de cara a todas as veciñas e veciños do concello, unha maior democracia, unha maior transparencia e a participación o remate do pleno das persoas asistentes que quixesen formular algunha pregunta os concelleiros ou o equipo de goberno.

Melloramos na información que se colga na páxina web, pero seguimos igual no resto, seguen sen gravarse os Plenos e séguese sen permitir os asistentes facer preguntas o remate do Pleno.

Por todo o exposto volvemnos a solicitar do Pleno o seguinte:

1<sup>a</sup>.- Instalar na sala de Plenos un sistema de son e amplificación para gravar o acontecido, e facelos públicos na páxina web e na sede electrónica.

2<sup>a</sup>.- Que a Sra. Alcaldesa o remate no Pleno permita o público asistente facer as preguntas que estimen oportunas.

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa pide ao voceiro do grupo BNG que explique a urxencia da moción para poder engadirla ao orde do día da sesión.

O voceiro do grupo BNG di que é urxentísimo fomenetar a democracia e a transparencia tal e como recolle a moción.

A Sra. Alcaldesa di que non é un tema urxente, que leva 4 anos esperando e que sería mellor estudalo ben e traelo para o seguinte Pleno.

**Sometida a votación a urxencia da moción é rexeitada por 7 votos en contra**

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

do grupo PSOE, 1 voto a favor do grupo BNG, e 5 abstencións do grupo PP.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

#### ROGOS

Voceiro do grupo PP:

1º. Rogamos o arranxo das losetas de varias beirarrúas polo mal estado das mesmas e pola súa peligrosidade para os viandantes.

2º. Rogamos se limpe a maleza que invade a ponte que vai para Mariz (Ponte sobra a vía do tren), xa que as silvas e os toxos fan que case non se poda pasar.

3º. Rogamos que para as festas, tanto patronais, como culturais ou gastronómicas se conte coas distintas agrupacións musicais que hai no noso concello, e tamén lle recordo que temos unha coral, xa que nos últimos anos non se contou con ela para nada, e cando digo para nada e nada. E sabe vostede por que?

4º. Rogamos se coloque un espello en Parga, fronte a entrada que ven do Carballal e Recimil, onde teñen preferencia de paso debido ao paso a nivel, e por estar moi metida unha construción ao seu ao seu carón dereito impide todo tipo de visibilidade e convertese nun cruce perigoso.

Voceiro do grupo BNG:

1º. Rogamos o goberno do Concello que tome as medidas oportunas para controlar velocidade de vehículos na Avda. da Paz en Parga.

2º. Rogo para que se modifique a actual situación do contedor de cartón que actualmente esta situado diante do bar Centro, está ocupando aparcamento.

3º. Rogo para que dunha vez se eliminen os vertidos o río, pola zona da ponte de Forxa.

4º. Rogo para arranxar as varandas da Ponte de Forxa.

5º. Rogo para que se laven a miúdo os contedores situados na rúa do mercado de Guitiriz.

6º. Este rogo é para dicirlle Sra. Alcaldesa que aínda estamos a tempo de reclamar a Conca Hidrográfica Miño Sil todos as eivas e fallos atopados no malísimo funcionamento das novas estacións de bombeo de augas sucias e colector, sobre todo a que se atopa no Forxá.

7º. Rogo para que o bo servizo de limpeza que prestou o concello no Festival de Pardiñas estes dous últimos anos, siga manténdose este ano.

#### PREGUNTAS

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Voceiro do grupo PP:

1.- Por que se apagaron as luces sobre a Ponte da Vía do Tren en Guitiriz? Permítame que lle conteste eu Sra. Morandeira, acendéronse só para a campaña electoral.

Sra. Alcaldesa: Non foi eu, nin idea, averiguaremolos.

2.- A vivenda da escola de Becin segue a estar alugada? Canto paga de aluguer e canto paga de luz?

Sra. Alcaldesa: Finaliza o 16 de agosto. Non teño ese dato, no seguinte Pleno.

3.- A actuación do grupo musical Treixadura, canto vai custar ao concello.

Sra. Alcaldesa: Vai con cargo ao Plan Unico da Deputación.

4.- Os campamentos de verán "Guitiriz Concilia" que os xestiona, traballadores do Concello ou unha empresa contratada?

Sra. Alcaldesa: Unha empresa contratada.

5.- Está limpa a ruta da auga?

Sra. Alcaldesa: Si, que tramo non o esta?

6.- O tractor do concello esta a rozar?

Sra. Alcaldesa: Si, comezou por Lagostelle, a Deputación non empezou aínda.

7.- Ten pensado arranxar a Rúa do Mercado?

Sra. Alcaldesa: Si.

8.- Como están as obras da casa da Botica?

Sra. Alcaldesa: Sen empezar, a Xunta é a responsable de non poder comezar, faltan 2 informes de 2 consellerías.

9.- Fixo algunha xestión sobre o PXOM?

Sra. Alcaldesa: Si, iremos á Confederación que é onde está atascado.

10. Como están a dar as análises da auga da traída?

Sra. Alcaldesa: Imaxino que ben, non dixeron que había anomalías, no seguinte Pleno.

11. Ten previsto facer limpeza no encoro ou pantano?

Sra. Alcaldesa: Hoxe non está previsto.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

12.- Que criterios se seguiu para facer o pintado das rúas de Parga. Existe un plan de viabilidade?

Sra. Alcaldesa: O criterio é pintar os máis deteriorados.

13.- Vostede ve normal que se poñan pasos de peóns a beira dos pasos a nivel. Non cree que é perigoso, sobre todo cando nos mesmos pasos de peóns póñense tamén os stops.

Sra. Alcaldesa: Si, o miraremos.

14.- Sabe vostede cunha das sinais de tráfico púxose nun xardín entre dous arbores que cando medre ou recorte non se vai pode ollar? Gustaríame que se puxera a beira da palleira xa que se ve e non lle molesta a ninguén.

Sra. Alcaldesa: Pregúntelle á Xunta. Enterareime.

15.- Quen deu a orde de que se fixeran dous pasos de peóns na Rúa da Estación e na Rúa Castelao na vila de Parga?

Sra. Alcaldesa: Nos, o Concello.

Voceiro grupo BNG:

1.- O pasado 31/5/2018 aprobouse en Pleno por maioría cos votos a favor do PP, PSOE e BNG unha moción presentada polo BNG, referente a “instalación de puntos de carga para vehículos eléctricos”, pódeme dicir como esta este tema.

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno.

2º. Aprobouse tamén por unanimidade ese mesmo día o 31/05/2018 unha moción do BNG para arranxar a casa Barxa e a escola Habanera, cando se vai levar a cabo?

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno.

3º.- O día 11/10/2018 tamén foi aprobada por maioría a moción presentada polo BNG que defendía os intereses dos veciños/as de Parga e Guitiriz polo mal servizo ofrecido polo concello na auga das traídas, entre outras cousas aprobouse non pasar a cobro os/as veciños/as das dúas vilas os recibos de dous trimestres, dígame que foi o que fixo o concello.

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno.

4º.- O 29/11/2018 aprobouse por unanimidade a moción presentada polo BNG para que o concello colaborara cos gastos de desprazamento dos estudantes que cursan estudos oficiais en outras localidades, como esta a situación.

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno.

5º. No pleno do 31/01/2019 aprobouse por unanimidade, outra iniciativa do BNG que pedía habilitar un servizo de transporte para persoas maiores e dependentes que non tiñan medios

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

para achegarse a Guitiriz ou a Parga para facer calquera trámite ou compra, para elo o concello ía facer un estudo de viabilidade para saber si se podería facer este servizo coa nova furgoneta adquirida para o centro de día, fixose este estudo?

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno.

6º.- O 28/03/2019 aprobouse tamén por unanimidade a iniciativa do BNG para que o concello colaborase economicamente co levantamento da fosa común de Santa Mariña, canto aportou o concello.

Sra. Alcaldesa: Economicamente nada, colaborouse pechando a fosa con medios do Concello.

7ª.- No BNG mantivemos unha postura de crítica expectativa con respecto os salarios dos membros do equipo de goberno, agora un mes mais tarde queremos que nos digan si pode ser, un por un, os traballos que realizaron neste tempo, para ir fiscalizando e avaliando, si os salarios que perciben son axustados os traballos realizados, se me permite comezo por vostede Sra. Alcaldesa:

Sra. Marisol no Pleno de organización vostede asumiu as competencias de alcaldesa con dedicación exclusiva o concello, que novas iniciativas desenvólveo dende a asunción de devanditas competencias? Que planificación ten para este concello para os meses que restan do ano?

Sra. Paula, vostede asumiu as competencias de medio rural, medio ambiente e réxime interior, cunha dedicación do 50% o concello, que novas iniciativas desenvólveo dende a sunción de devanditas competencias? Que planificación ten para a devandita area para os meses que restan do ano?

Sra. Laura, vostede asumiu as competencias de Benestar Social, cunha dedicación do 70% o concello, que novas iniciativas desenvólveo dende a sunción de devanditas competencias? Que planificación ten para a devandita area para os meses que restan do ano?

Sr. Carlos, vostede asumiu as competencias de coordinación de obras e servizos nas parroquias, cunha dedicación do 20% o concello, que novas iniciativas desenvólveo dende a sunción de devanditas competencias? Que planificación ten para a devandita area para os meses que restan do ano?

Sr. Iván, vostede asumiu as competencias de xuventude e deporte, cunha dedicación do 20% o concello, que novas iniciativas desenvólveo dende a sunción de devanditas competencias? Que planificación ten para a devandita area para os meses que restan do ano?

Sra. Ainara, vostede asumiu as competencias de cultura, cunha dedicación do 20% o concello, que novas iniciativas desenvólveo dende a sunción de devanditas competencias? Que planificación ten para a devandita area para os meses que restan do ano?

Sra. María Pilar, vostede asumiu as competencias de turismo, cunha dedicación do 20% o concello, que novas iniciativas desenvólveo dende a sunción de devanditas competencias? Que planificación ten para a devandita area para os meses que restan do ano?

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno.

8º.- Pódenos explicar en que consiste o servizo que contrataron de “proxecto de compós taxe doméstica” subvencionado con 13.791 €.

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno.

9º.- Pódenos explicar porque estivo Parga sen auga da traída, dende a noite do venres 5 de xullo ata o sábado seguinte a medio día?

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

---

Sra. Alcaldesa: Fallou unha bomba, o traballador e o electricista arranxárona.

10º.- Canto esta pagando a S.D.Guitiriz e o Parga de veteranos por usar os campos de fútbol propiedade do Concello?

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno.

11º.- Porque paga a asociación deportiva e cultural San Xoan por usar o pavillón?

Sra. Alcaldesa: Pagou 132 euros porque usaron o pavillón para outro evento, non para entrenar, é un uso distinto con beneficio económico e hai que aplicar a ordenanza fiscal. Ese diñeiro é para manter as instalacións.

12º.- Pagan as orquestas no Campo da Feira o espazos públicos?

Sra. Alcaldesa: Contestarei no seguinte Pleno. 

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6YSFRRD2EPD6T9JNTAE23LTKL | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8